



**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 31 DE XULLO DE 2014**

**2.- Solicitudes de licenzas de obras.**

A XGL deu conta dos criterios de intervención nas obras menores para a comunicación previa e suficiente para os edificios non catalogados incluído no chamado Perímetro Azul, toda vez que isto foi aprobado pola Comisión Asesora do Patrimonio Histórico.

As obras que se poderán realizar serán acometidas, canalizacións, arquetas, pintado de fachada, conservación e mantemento de cubertas e a substitución de carpinterías exteriores.

Isto sen dúbida permitirá unha maior axilización dos trámites no Servizo de Licenzas posto que, unha vez presentada a comunicación previa para realizar estas obras, poderán dar comezo nun prazo de 15 días.

**3.- Dar conta da concesión do programa REDE CULTURAL 2014, da Deputación da Coruña.**

Deuse conta á XGL da concesión dunha subvención por parte da Deputación da Coruña para o Programa Rede Cultural da Deputación da Coruña 2014. O Concello de Santiago de Compostela presentou toda unha serie de propostas culturais e musicais dos que a Deputación vén de aprobar para a súa realización e cofinanciación mediante subvención os seguintes programas e actividades que agrupamos en catro grandes bloques:

XXXI PROGRAMA DE MÚSICA E TEATRO PARA GRUPOS NON PROFESIONAIS

XXVI PROGRAMA DE TEATRO E TÍTERES PARA COMPAÑÍAS PROFESIONAIS

XXVII CICLO DE MÚSICA PARA INTÉRPRETES PROFESIONAIS

VIII PROGRAMA PARA COMPAÑÍAS DE DANZA PROFESIONAIS E OUTRAS ACTIVIDADES

Total: 8.826,20 €

Deputación 40 %: 3.530,48 €

Concello: 5.295,72 €

**4.- Proposta do concelleiro da area de Facenda relativa a recoñecementos extraxudiciais de crédito.**

A XGL aprobou dous recoñecementos extraxudiciais de crédito.

O primeiro polo servizo de limpeza, conserxería e control das instalacións dos centros públicos de Educación Infantil e Primaria dependentes do Concello de Santiago de Compostela.

O importe desta prestación de servizos alcanza a cantidade de 362.892,24 € que corresponden aos meses de xaneiro a abril de 2014.

Este recoñecemento ten a súa orixe en que a respecto do concurso que houbo para a adxudicación deste servizo no que saíu gañadora a empresa UTE-Ferrovial Servicios S.A-Ferroservicios Auxiliares S.A (adxudicado pola XGL do 23/05/2013) a empresa SERMASA presentou recurso contra a adxudicación realizada pola XGL o que provocou a suspensión da adxudicación o que nos obriou a seguir ese tempo coa empresa que viña prestando este servizo. A día de hoxe o este servizo xa o ven prestando a empresa que no seu día resultara adxudicataria.

No segundo caso comprobouse que existe crédito segundo os documentos contables emitidos e que as facturas están conformadas pola unidade xestora do gasto polo que se informou favorablemente o expediente por parte da Intervención Municipal por importe de 28.020,87 euros.

Trátanse de contratos menores, polo que non necesitan actuacións preparatorias e de adxudicación, sendo o único defecto que deberon aplicarse ao ano no que se devengaron, non tendo polo tanto que emitir informe de reparo, e procedendo á súa aprobación mediante este expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos co que se cerra a tramitación do mesmo.

**5.- Informe-proposta relativa á suspensión temporal das obras do corredor verde Bonaval-Almáciga (Fase II - Vía Verde).**

A XGL aprobou a proposta da concelleira de Urbanismo que se proceda á suspensión temporal das obras do corredor verde Bonaval-Almáciga, Fase II, Via Verde. Esta suspensión prodúcese despois de que se producira unha reunión coa Asociación de Veciños da Almáciga pola cal se chegou ao acordo de manter as hortas actualmente plantadas ata o 15 de agosto. Mostran a súa conformidade o Director da obra e o contratista. Este proxecto ten un orzamento de 143.120 €.

**6.- Informe-proposta relativa a corrección de erros aritméticos en acordo da Xunta de Goberno de data 3.xullo.2014, relativo a resolución de reclamacións do complemento de produtividade (2º semestre 2012 e 1º e 2º de 2013).**

En relación a este asunto, a XGL aprobou a corrección de erros sobre a paga de produtividade (2º semestre 2012 e 1º e 2º de 2013) que se recoñeceu a varios funcionarios que solicitaron que foran incluídos neste complemento salarial.

Unha vez recoñecido o dereito a percibilo comprobouse que na XGL do 3 de xullo aprobábase unha cantidade total para estes funcionarios de 229,86 € o que estaba errado, xa que a cantidade é de 482,69 €.

**7.- Proposta da concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á renovación das concesións de uso das hortas municipais de arriba no Parque de Belvís.**

A XGL aprobou a proposta da concelleira de Desenvolvemento Urbano e Sostible a renovación das hortas urbanas situadas no Parque de Belvís. Tras conceder un período novo que permitía solicitar esta renovación, aprobouse conceder a renovación a tódolos solicitantes excepto a 11 persoas que, por un lado nun caso estaba fóra de prazo e, por outro, as outras 10 non eran titulares susceptibles de renovación.

O prazo para o uso das hortas fora concedido por dous anos (2012-2014) prorrogables por outros dous polo que as persoas ás que se lles concede poderán disfrutalas ata o mes de xullo de 2016.

**8.- Proposta da concelleira de Economía, Comercio, Turismo e Mercados relativa á concesión de subvencións á realización de actividades de promoción e dinamización comercial no Concello de Santiago para o ano 2014.**

O sector comercial é un sector básico en toda planificación económica e a defensa e promoción da estrutura comercial é unha finalidade irrenunciable nun proxecto de cidade, tanto pola gran repercusión social deste sector como por constituir unha fonte importante de xeración de riqueza e emprego. Por estes motivos a Concellaría de Comercio promove esta convocatoria para levar a cabo a promoción de actividades comerciais por parte das asociacións de comerciantes ou por calquera entidade representativa de pequenas e medianas empresas. O importe destas axudas suma un total de 45.000 €.

Unha vez resolta a convocatoria aprobouse conceder estas axudas a:

-Centro Comercial aberto Compostela Monumental. Concédesele unha axuda de 21.164,69 € para a realización de sinalización e dinamización comercial e xornadas de prevención de riscos laborais.

-Fundación Santiago Centro, Área Comercial. Concédesele unha axuda de 16.465,95 € coa que poderá realizar diferentes Campañas comerciais como volta o cole, superofertas e tamén talleres para tendeiros ou asesoría xurídica.

-Asociación de Empresarios e Profesionais de Conxo, Espert@ Conxo. A esta asociación concédesele unha axuda de 5.251,85 € coa que poderá levar a cabo accións de Ludoteca, páxina web, actuacións en locais baleiros.

-Em Rede, Rede de iniciativas empresariais de Santiago e Comarca. Recibe esta asociación unha subvención de 2.117,51 € coa que levará a cabo accións de mellora de ferramentas de traballo e promoverá incentivos para que a xente compre.

**9.- Proxecto de mellora da mobilidade e accesibilidade no barrio de Vista Alegre, fase II.**

O 26 de setembro de 2013 a XGL aprobou o Proxecto denominado Mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre. Neste proxecto establecéronse ámbitos de actuación funcional e construtivamente independentes o que permite a súa execución en distintas fases.

Neste caso atopámonos diante do Proxecto de mellora da mobilidade e accesibilidade do barrio de Vista Alegre Fase II co que o Concello completa as obras de reurbanización do Barrio de Vista Alegre conforme ao proxecto aprobado o pasado mes de setembro.

Hoxe a XGL aprobou iniciar o procedemento de licitación por un importe de de 1.015.867,42 € IVE incluído (839.559,85 € sen IVE) e que terá un período de execución de 10 meses.

Con esta actuación, que se financia con cargo a fondos municipais, conseguiremos a accesibilidade de vehículo e peóns así como a mellora das redes de servizos xerais. Estas

actuacións melloran considerablemente a imaxe urbana deste barrio da nosa cidade humanizando os espazos públicos coa consiguiente mellora na calidade de vida dos veciños.

#### **10.- Servizo de conservación e mantemento do parque de Brandía reservado a Centros Especiais de Emprego.**

A XGL aprobou iniciar o procedemento de adxudicación do Expediente de Contratación do Servizo de Conservación e Mantemento do Parque de Brandía no Concello de Santiago de Compostela reservado a Centros Especiais de Emprego.

Esta iniciativa ten por obxecto o mantemento integral dos espazos verdes ubicados neste parque e realizaranse con prácticas que se enmarquen e fomenten o desenvolvemento sostible. Esta é unha cuestión que hoxe en día non se pode separar dos procesos de xestión e conservación do patrimonio xa que se pretende que os procedementos sexan o máis respetuosos co medio.

O Concello adxudicará este servizo por un período de dous anos con posibilidade de prórrogas anuais cun máximo de tres anos e terá un importe de licitación de 64.637,12 €/ano, quedando as anualidades distribuídas da seguinte forma:

2014: 25.020,84 €

2015: 64.637,12 €

2016: 39.616,28 €

#### **11.- Servizo de intervención e recollida de animais abandonados, perdidos, domésticos ou salvaxes de competencia municipal no Concello de Santiago.**

Unha vez resolto o concurso do servizo de intervención e recollida de animais abandonados, perdidos, domésticos ou salvaxes de competencia municipal no Concello de Santiago, a XGL aprobou adxudicar este servizo á empresa Servicios Gallegos de Lacería S.L. por un importe de 44.757,90 € IVE incluído; por certo que foi a única empresa en presentarse ao concurso. Este contrato terá unha duración dun ano prorrogable por outro máis.

Este é un servizo que se presta en todo o término municipal os 365 días do ano e as 24 horas do día. Unha vez recollidos os animais son depositados no Refuxio para proceder a identificar ao dono se ten microchip e, senón, quedan no Refuxio.

#### **12.- Obras de reurbanización da rúa Carretas.**

A XGL do 30 de abril aprobou a proposta da concelleira na que se recolle o proxecto de reurbanización da rúa Carretas. A intervención recollida neste proxecto forma parte dunha serie de actuacións estruturadas desde a OCXHR para a mellora do espazo existente na actualidade e contou coa aprobación por unanimidade da Comisión Asesora do Patrimonio Histórico. O obxecto desta actuación é continuar coa reforma e completar a reconfiguración do eixe das rúas San Clemente, Trinidad e Carretas.

Hoxe a XGL aprobou iniciar o expediente de licitación desta obra que ten un importe de 838.811,83 € (IVE incluído) e un prazo de execución de 5 meses.

#### **13.- Convenio de colaboración entre ADIF, RENFE-OPERADORA, LA FUNDACIÓN DE LOS FERROCARRILES e o CONCELLO DE SANTIAGO, para a construción dun parque conmemorativo na zona do accidente ferroviario de Angrois.**

A XGL aprobou o 17 de xullo:

En relación a este asunto e como xa dixemos, o 28 de setembro de 2013 o Ministerio de Fomento propicia o acordo entre o ADIF e o Concello de Santiago para a cesión dos terreos necesarios para a construción deste parque en Angrois.

Os proxectos xa foron aprobados e hoxe a XGL aprobou o texto do convenio entre o ADIF, RENFE-OPERADORA, a Fundación dos Ferrocarrís e o Concello de Santiago de Compostela que posibilitará a realización de tódolos proxectos que comentábase a semana pasada:

-A creación do campo da festa e pista polideportiva.

-Un almacén para a Asociación de Veciños.

-E finalmente o acondicionamento unha zona de descanso para peregrinos, parque público e parque infantil o que fai unha inversión total de 302.450,04 €.

En relación á licitación destes proxectos comezará cando se asine o convenio de cesión dos terreos co ADIF xa que así o establece a Lei de Contratos do Sector Público.

Neste caso hoxe a XGL aprobou unha modificación no reparto das cantidades para sufagar o custo destas obras que quedan como segue:

Fundación .....222.450,04

ADIF .....40.000 €

RENFE OPERADORA .....40.000 €

Sendo a cantidade total a chegar pola suma das tres entidades a mesma que no convenio aprobado, 302.450,04 euros.

**14.- Convenio suscrito pola ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA, O CONCELLO DE SANTIAGO e a SOCIEDAD ESTATAL AGUAS DE LAS CUENCAS DE ESPAÑA, S.A. para a execución e explotación das obras de mellora da EDAR de Silvouta (actuación "Saneamento de Santiago de Compostela. Nova EDAR).**

**15.- Convenio de colaboración entre a CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS e o CONCELLO DE SANTIAGO, que ten por obxecto a humanización e acondicionamento da rúa Carreira do Conde en Santiago de Compostela.**

Coa firma deste convenio poderase levar a cabo a humanización e acondicionamento da rúa Carreira do Conde que é porta de entrada á cidade histórica.

Xunto coa obras principais que se realizará nesta rúa, haberá pequenas actuacións de reparación e mantemento das beirarrúas da Avenida Xoán Carlos I que linden co Parque da Alameda, consistentes nunha nova pavimentación e mellora da accesibilidade.

Esta actuación considérase necesaria toda vez que se detecta de forma evidente que esta rúa ten severos problemas de accesibilidade cos desniveis e itinerarios escalonados. Con isto preténdese unha nova distribución de usos e redución do espazo destinado ao tráfico rodado en favor do tráfico peonil así como o aumento da superficie axardinada. Realizarase tamén unha valoración da fonte existente como elemento singular. O orzamento desta obra será de 641.556,14 € IVE incluído, dos que o Concello achegará 129.417,75 €.

**16.- Prestación do servizo para desbroce, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viario, carreiros fluviais e parcelas municipais do termino municipal de Santiago de Compostela.**

Tras a terminación do procedemento de contratación para o servizo para desbroce, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viario, carreiros fluviais e parcelas municipais do termino municipal de Santiago de Compostela, a XGL na súa sesión de hoxe acordou adjudicar este contrato á empresa Obras y Viales de Galicia, S.L. (OVIGA) por un importe de 230.000,01 € para os anos 2014 e 2015.

Con este contrato teremos unha empresa adicada todo o ano a desbrozar as fincas, camiños, cunetas... de todo o Concello evitando así acumulación de maleza nas vías e propiedades municipais e devolvendo o aspecto limpo aos camiños. Ademais encargaranse, a medida que desbrozan, de limpar, recolocar e repoñer aquelas sinais e carteis.

Creemos que con este contrato se dota dun servizo permanente nas vías, camiños e propiedades municipais que era moi demandado polos veciños.

**17.- Deseño, produción, montaxe e realización do espectáculo pirotécnico do 31 de xullo das festas do Apóstolo 2014 da Cidade de Santiago de Compostela.**

Nesta ocasión os espectáculos pirotécnicos do 24 e 31 de xullo contratáronse por separado co obxecto de dar máis opcións a empresas galegas para a presentación de ofertas de cara aos fogos do 31 de xullo que inciden máis no aspecto da pirotécnica, que irá acompañada de pezas de sonido. Isto provocou que unha empresa galega, que e ademais competiu con empresas de tanto prestixio como a valenciana Ricasa Pirotecnia (Ricardo Caballer), sexa a encargada do espectáculo pirotécnico do 31 de xullo. A empresa gañadora, PIROTECNIA PENIDE S.L., casi que podemos dicir que é santiaguesa, xa que é de Vedra; ademais de recibir diferentes premios en toda España, é unha das empresas que, mestres da pirotécnica como os de Caballer, contratan para a realización de diferentes traballos en Galicia.

A este concurso de fogos do 31 de xullo presentáronse seis empresas e, finalmente, gañou Pirotecnia PENIDE por importe de adjudicación 23.449,80 euros.

Este espectáculo de fogos é netamente pirotécnico aínda que contará co acompañamento de pezas musicais co que cerraremos a celebración destas Festas.

**18.- Prórroga mantemento do servizo de sinalización horizontal e vertical.**

Con data 14 de xullo a xefa do Servizo de Mobilidade emite informe sobre a conveniencia de proceder á prórroga por seis meses deste contrato xa que con data 31 de xullo finaliza o contrato para a prestación deste servizo. Esta prórroga ter por obxecto seguir prestando o servizo correctamente mentres se procede a adjudicar o novo contrato polo que, si se adjudica antes de seis meses, esta prórroga remataría no mesmo momento da adxucación nova.

Esta ampliación temporal é axeitada para que o servizo se preste con total normalidade e tendo en conta que o período estival é o axeitado para todo o relacionado coa sinalización polas boas condicións de traballo, en especial, a sinalización horizontal.

O custo deste prórroga será de 22.572,33 euros/mes IVE incluído.